



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 20 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTÓN ARRIIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURÁN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia a concelleira:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 20 de xuño de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 06.06.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 06.06.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 17.06.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA



O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de maio 2025 que empeza por cun importe de 30,15 € e finaliza con cun importe de 52,05 € e se compón de 49 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 5.287,56 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de maio 2025 que empeza por cun importe de 39,60 € e finaliza con cun importe de 28,80 € e se compón de 6 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 394,20 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000108.

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 09.06.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000108.

ANTECEDENTES



Datos ben inmueble:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647678

Exercicio: 2022/2023/2024

Primeiro. Preséntase solicitude para anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos dos exercicios 2022, 2023 e 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais



O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble para os exercicios 2022, 2023 e 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2022, 2023 e 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647678	20243515022RL01R001733			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2024	65,00 €
253000647678	20233515022RL01R003862			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2023	65,00 €
253000647678	20223515022RL01R000322			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2022	62,40 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2022, 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.



Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647678	20243515022RL01R001733			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2024	65,00 €
253000647678	20233515022RL01R003862			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2023	65,00 €
253000647678	20223515022RL01R000322			BANCO SANTANDER SA	A39000013	2022	62,40 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondentes aos exercicios 2022, 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN DE AXUDA SOCIAL CEDEIRA EN PÉ. EXPEDIENTE: 2025/G006/000174

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.06.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000174

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA CLUBES E ENTIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O EXERCICIO 2024. ASOCIACIÓN DE AXUDA SOCIAL CEDEIRA EN PÉ

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades e asociación socioculturais de ámbito municipal de Cedeira para o ano 2024, que foron aprobadas na Xunta deGoberno Local, en sesión ordinaria realizada o día 05-07-2024 e publicadas no BOP de 15 de xullo de2024. O extracto da convocatoria foi efectuado a través da Base de Datos Nacional de Subvencións epublicado no BOP de data 18 de julio de 2024.



Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola ASOCIACIÓN DE AXUDA SOCIAL CEDEIRA EN PÉ con NIF G42834523.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 17.06.2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que na área de investimentos non xustifican ningún gasto e que anticipouse o 70% da subvención, 717,75€. Visto que na área de actividades xustifican o total da subvención e tendo depositada unha garantía por importe de 645,56€, se propón a compensación do importe que debe abonarlles o concello na área de actividades, 645,56€ co importe que debería a asociación reintegrar ao concello na área de investimentos, anticipada e non xustificada por importe de 717,75€. Polo tanto, o importe a reintegrar pola asociación sería de 72,19€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola ASOCIACIÓN DE AXUDA SOCIAL CEDEIRA EN PÉ con NIF G42834523 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Ordenar a devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente do concello de Cedeira da parte anticipada para investimentos e non xustificada por compensación, segundo o seguinte detalle:

GARANTÍA SUBVENCIÓN ACTIVIDADES	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN INVESTIMENTOS	IMPORTE A DEVOLVER POLA ASOCIACIÓN
645,56 €	717,75 €	72,19 €
		72,19 €

IBAN do Concello: ES 15 2080 5196 2931 1000 0027

TERCEIRO. Anular en contabilidade a garantía segundo o seguinte importe:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe
320240000509	SIA	01/01/2025	20510	645,56€
320240000525	SIA	01/01/2025	20510	307,61€

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



5. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023. EXPEDIENTE: 2023/C003/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 18.06.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000005

Asunto: aprobación da certificación núm. 5 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023

Visto que con data 07.04.2025 e número de rexistro de entrada de documentos 2025/999/691, D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”, presentou a seguinte documentación, correspondente á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880:

- Certificación núm. 5 polo importe de 33.644,86 €
- Informe mensual da dirección de obra correspondente á certificación de obra núm. 5

Así mesmo, consta no expediente a xustificación do control de calidade realizado e da xestión de residuos; e unha reportaxe fotográfica da obra.

A acta de recepción foi formalizada con data 30.04.2025.

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/693, de data 08.04.2025, nº de factura FE25 53, correspondente á certificación núm. 5 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” por importe de 33.644,86 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 16.06.2025 emitíuse informe con reparo pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra núm. 5 e factura presentada, xa que non consta a sinatura do órgano de Intervención na acta de recepción.

Visto o decreto de Alcaldía número 285/2025 de data 17.06.2025 de levantamento do reparo.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico



das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra núm. 5 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” a favor do contratista CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880 polo importe de TRINTA E TRES MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.644,86 €).

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de F/2025/693, de data 08.04.2025, nº de factura FE25 53, con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de TRINTA E TRES MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.644,86 €).

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, por un importe de TRINTA E TRES MIL SEISCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (33.644,86 €).

CUARTO.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

SEXTO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 285/2025 DE DATA 16.06.2025 - LEVANTAMENTO REPARO APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 285/2025 de data 16.06.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000005

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023



Visto que con data 07.04.2025 e número de rexistro de entrada de documentos 2025/999/691, D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”, presentou a seguinte documentación, correspondente á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880:

- Certificación núm. 5 polo importe de 33.644,86 €
- Informe mensual da dirección de obra correspondente á certificación de obra núm. 5

Así mesmo, consta no expediente a xustificación do control de calidade realizado e da xestión de residuos; e unha reportaxe fotográfica da obra.

Consta acta de recepción formalizada con data 30.04.2025, sen a preceptiva sinatura do órgano interventor, tal e como se pon de manifesto no informe de reparo emitido pola Intervención do concello en data 16.06.2025 para a aprobación da certificación número 5.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, trátase dun erro no proceso de sinatura da acta de recepción sen que afecte á correcta realización da obra, que se rematou en tempo e forma.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 286/2025 DE DATA 16.06.2025 - APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 286/2025 de data 16.06.2025, que di:

“DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente número: 2024/C003/000001

Asunto: aprobación da certificación núm. 1 da obra “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12”. POS+ADIC 2/2024

Visto que con data 06.05.2025 (R.E. 2025/999/838) D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12”, presentou a seguinte documentación correspondente á empresa adxudicataria EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A., con CIF A15352735:

- Certificación de obra núm. 1 polo importe de 67.015,67 €



- Fotografía do cartel de obra
- Informe mensual da certificación de obra núm. 1

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/1225, de data 07.05.2025, nº de factura Emit-250014, correspondente á certificación núm. 1 da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” por importe de 67.015,67 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto o informe de fiscalización favorable con observacións de data 16.06.2025.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.



Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de data 10 de xullo de 2023, por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar a certificación de obra núm. 1 da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” a favor do contratista EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A., con CIF A15352735, polo importe de SESENTA E SETE MIL QUINCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (67.015,67 €).

TERCEIRO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de facturas facturas F/2025/1225, de data 07.05.2025, nº de factura Emit-250014, correspondente á certificación núm. 1 da obra “Mellora e acondicionamento dos viais municipais 480, 388, 332 e outros 12” por importe de 67.015,67 €, con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de SESENTA E SETE MIL QUINCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (67.015,67 €).

CUARTO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 454.619.00 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, por un importe de SESENTA E SETE MIL QUINCE EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (67.015,67 €).

QUINTO.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

SEXTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director de obra.

SÉTIMO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.

OITAVO.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

8. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

8.1 CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE SOCORRISMO NA PRAIA DE CEDEIRA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.06.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA PARA A XGL

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE SOCORRISMO NA PRAIA DE CEDEIRA

Expte. 2025/C002/000013



O gasto está referido ao servizo de socorrismo na praia de Cedeira, consistente en 3 socorristas a xornada completa durante o periodo comprendido entre o 15 de xullo e o 14 de setembro de 2025.

Para este fin recibíronse os seguintes presupostos:

- KAIZEN MANAGEMENT, S.L., con CIF B70416466. Presenta con data 30.05.2025 (R.E. 2025/999/1054) o orzamento núm. S25-S004 relativo ao servizo de tres socorristas a xornada completa desde o 15.07.2025 ao 15.09.2025, polo importe de 14.975,00 € e 3.144,75 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.119,75 €).

- MOVE PROYECTOS E INVERSIONES S.L., con CIF B70311618. Presenta con data 02.06.2025 (R.E. 2025/999/1069) o orzamento núm. PS 012/2025 relativo ao servizo de tres socorristas a xornada completa desde o 15.07.2025 ao 15.09.2025, polo importe de 16.340,00 € e 3.314,40 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 19.771,40 €).

- LETME SOLUCIONES, S.L., con CIF B27437623. Presenta con data 02.06.2025 (R.E. 2025/999/1073) o orzamento núm. 0521-25 relativo ao servizo de tres socorristas a xornada completa desde o 15.07.2025 ao 15.09.2025, polo importe de 15.587,58 € e 3.273,39 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.860,97 €).

Con data 03.06.2025 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 18.119,75 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 06.06.2025 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.

2.- Aprobar o gasto e adxudicar mediante un contrato menor a KAIZEN MANAGEMENT, S.L., con CIF B70416466, o servizo de socorrismo para a praia de Cedeira durante o verán de 2025, consistente en 3 socorristas a xornada completa durante o periodo comprendido entre o 15 de xullo e o 14 de setembro de 2025, polo importe de 14.975,00 € e 3.144,75 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 18.119,75 €), de acordo co presuposto núm. S25-S004.

3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8.2 CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 19.06.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA PARA A XGL

Asunto: CONTRATO MENOR DE SERVICIO DE LIMPEZA DE PRAIAS



Expte.: 2025/C002/000014

No BOP núm. 19 de 29/01/2025 publicouse a Resolución do Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña pola que se aproba a concesión **provisional** de subvencións correspondentes ao programa MA100: subvencións a concellos da provincia para limpeza de praias marítimas no 2025.

A concesión definitiva foi aprobada mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial núm. 2025/10698 e publicada no BOP núm. 48 de data 12.03.2025.

Ao abeiro desta resolución correspóndelle ao Concello de Cedeira unha axuda co seguinte detalle:

- Beneficiario: CONCELLO DE CEDEIRA
- NIF: P1502200G
- Cod. Exp.: 2024000046759
- Obxecto: LIMPEZA DE PRAIAS DO CONCELLO DE CEDEIRA 2025
- Importe subvencionado: 11871,76 €
- Importe a xustificar: 11871,76 €

Constan os seguintes presupostos presentados para o servizo de limpeza de praias do Concello de Cedeira no ano 2025:

- SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS, S.L., con CIF B27154731, presenta con data 03.06.2025 (RE 202599900001083) o presuposto núm. 01/25 playas, correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 15.125,00 € e 1.512,50 € en concepto de IVE ao 10% (total 16.637,50 € incluído o IVE).
- HALLKUSS CORPORATION, S.L., con CIF B82485855 presenta con data 03.06.2025 (RE 202599900001082) un presuposto correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 14.998,85 € e 1.499,89 € en concepto de IVE ao 10% (total 16.498,74 € incluído o IVE).
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U., con CIF A28541639, presenta con data 04.06.2025 (RE 202599900001089) un presuposto correspondente ao servizo de limpeza das praias de Cedeira para un grupo de 4 operarios ao 50% da xornada e durante tres meses, polo importe de 16.550,20 € e 1.655,02 € en concepto de IVE ao 10% (total 18.205,22 € incluído o IVE).

Con data 16.06.2025 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 16.498,74 € (IVE incluído).

Con data 19.06.2025 emítese pola Intervención municipal un informe de retención de crédito polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Declarar a conformidade coas propostas presentadas.

2.- Aprobar o gasto e adjudicar mediante un contrato menor a HALLKUSS CORPORATION, S.L., con CIF B82485855, o servizo de limpeza de praias do Concello de Cedeira, de acordo co orzamento núm. 01/25 polo importe de 14.998,85 € e 1.499,89 € en concepto de IVE ao 10% (total 16.498,74 € incluído o IVE).



- 3.- Notificar o presente acordo aos licitadores.
- 4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:02 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
M^a DEL MAR ANTÓN BRAGE
(Resolución de Alcaldía N^o 296/2025 de 19 de xuño-
Nomeamento Secretaria acctal par a sesión da
Xunta de Goberno Local de data 20.06.2025)